



OBRADOIROS MONOGRÁFICOS DE VERÁN 2020



HABILIDADES DE COMUNICACIÓN

Datas de celebración: do 6 ao 10 de xullo

Duración: 20 horas

Hora: de 16:30 a 20:30 horas

Modalidade: Online

Perfil do alumnado: maiores de 15 anos empadroados en Vigo

Mestra: Eva Vila Barros

Contacto: em.teatro@vigo.org ou 986 485 324

Preinscrición: Enviar por correo electrónico a em.teatro@vigo.org (Formulario descargable na páxina web da Escola Municipal de Teatro www.emtvigo.com)

Prazos:

- Preinscricións: do mércores 3 ao venres 19 de xuño
- Publicación de admitidos: luns 22 de xuño
- Formalización de matrícula: do martes 23 ao venres 26 de xuño

Nº de prazas ofertadas:

Admitiranse un máximo de 20 persoas por curso. No caso de que a demanda excedese á oferta de prazas, faríase un .

Prezo: 26,00 euros



OBRADOIRO HABILIDADES DE COMUNICACIÓN

O curso vai orientado a profesionais de calquera ámbito interesados en desenrolar as súas capacidades e habilidades de comunicación. Técnicas para establecer un discurso claro, directo e comprensible e técnicas para transmitilo dun xeito armónico, dinámico e empático co auditorio.

Obxectivos xerais

- Proporcionar confianza ante unha exposición pública.
- Aprender a comunicar de xeito eficiente.
- Desenrolar habilidades de comunicación.

Obxectivos específicos

- Coñecer e ampliar a nosa capacidade de comunicación.
- Integrar o corpo e a voz como instrumentos indispensables da comunicación.
- Dominar a xestualidade como recurso comunicativo.
- Captar a atención do auditorio.
- Estruturar de xeito adecuado o discurso.
- Ser consciente da propia imaxe como elemento de comunicación.

Contidos

- A oratoria.
- Exercicios de desinhibición e creatividade.
- O corpo e a voz como elementos de comunicación.
- A mirada e a xestualidade.
- A actitude e a vestimenta.
- Elaboración e estruturación do discurso.
- Improvisacións textuais.
- O auditorio.

Metodoloxía didáctica

O curso será de 5 xornadas de 4 horas de duración.

Cada xornada estará dividida en:

- Exposición de conceptos teórico- prácticos.
- Presentación de participantes, exercicios conxuntos de creatividade, oratoria e imaxinación.
- Titorías individuais para a creación dun discurso.
- Foro para aclarar as dúbidas xurdidas ao longo da xornada.

Na última xornada cada alumno/a presentará ante os seus compañeiros o discurso elaborado coas ferramentas aprendidas ao longo da semana..



Currículo Eva Vila Barros

Licenciada en Arte Dramático pola RESAD de Madrid. Máster en Artes Escénicas pola Universidade de Vigo. Cofundadora da compañía de teatro infantil A Loca-Motora. Traballou nas compañías Teatro Aforo, Arte Pingüe Teatro, Os Quinquilláns Teatro de Rúa, Teatro del Silencio e Teatro de los Sentidos. Narradora oral en foros universitarios de Bogotá; bibliotecas, feiras do libro e escolas de primaria de Galicia e en cafés teatro de Madrid.

Realizou obradoiros de formación con Eduardo Vasco, Alfredo Padilla, José Luis Raymond, Abraham Celaya, Jean Marie Binoche, Juan Carlos Agudelo, Gabriel Guimard e Francisco Garzón Céspedes. Impartiu clases de teatro en academias privadas, Vocalía da muller do Concello de Vigo, asociación e escolas de primaria. Actualmente, imparte clases de Interpretación na Escola Municipal de Teatro de Vigo e colabora habitualmente, como actriz, na sala de teatro independente Teatro Aforo.